

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*RESOLUCIÓN do 11 de outubro de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se fai pública a convocatoria mediante o procedemento aberto con criterio único (prezo) para alleamento de madeiras na provincia de Pontevedra.*

Convócase mediante esta resolución o alleamento de madeiras dos lotes que se poderán consultar no Servizo de Montes da Xefatura Territorial desta consellería en Pontevedra (rúa Fernández Ladreda, 43, 2º, 36071 Pontevedra) e no enderezo [http://medioruralemar.xunta.es/areas/forestal/produccion\\_e\\_industrias/poxas](http://medioruralemar.xunta.es/areas/forestal/produccion_e_industrias/poxas), de acordo co disposto no Decreto 244/1998, do 24 de xullo, que regula os alleamentos dos aproveitamentos forestais nos montes xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 1998 (DOG do 16 de setembro), pola que se desenvolve o Decreto 244/1998, do 24 de xullo, que regula os alleamentos dos aproveitamentos forestais nos montes xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia. A apertura dos sobres coas ofertas económicas terá lugar no Edificio Administrativo, rúa Fernández Ladreda, 43, salón de actos (baixo), 36071 Pontevedra.

Para este procedemento rexerán a normativa antes citada e máis os pregos de condicións técnico-administrativas xerais e particulares destas que figuran no expediente correspondente no Servizo de Montes de Pontevedra, onde poderán ser examinados polos interesados a partir do día da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da presente resolución.

As ofertas poderanse presentar durante os vinte e seis días naturais seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución no Rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra ou en calquera das formas legalmente establecidas.

Cando a oferta se envíe por correo ou se presente noutro rexistro diferente ao da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, o licitador deberá anunciar á mesa de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou telefax ao número 986 80 54 78.



A apertura das proposicións será realizada pola mesa de contratación, que se reunirá ás once horas do décimo quinto día hábil, que non cadre en sábado, contado a partir do termo do prazo de presentación das ofertas.

Cada licitador presentará dous sobres pechados para cada oferta. O sobre A, coa documentación administrativa cotexada, e o sobre B, coa oferta económica.

O sobre A, que contén a documentación administrativa, poderá ser único para todos os lotes que teñan lugar ante a mesa e na mesma sesión. Deberá conter, en todo caso, a seguinte documentación:

1. Acreditación da personalidade xurídica do empresario e, se é o caso, a súa representación.

2. Os xustificantes acreditativos de que están constituídas as fianzas provisionais, 2 % do prezo de taxación, de acordo co disposto no artigo 103 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP).

3. Declaración responsable outorgada ante a autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado de non estar incurso o licitador nalgún dos supostos de prohibición de contratar previstos no artigo 60 do TRLCSP, así como na nova redacción establecida pola Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de encontrarse ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal e da Comunidade Autónoma e da Seguridade Social e estar dado de alta no imposto de actividades económicas (IAE).

Esta declaración presentarase sen prexuízo de que a xustificación acreditativa dos anteditos aspectos deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a prol do cal se efectuará esta.

Malia o anterior, poderán presentarse os certificados administrativos do cumprimento das citadas obrigas, agás no caso do IAE, cuxa xustificación se efectuará mediante a presentación da alta, referida ao exercicio corrente, ou do último recibo deste, completado



cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto, segundo o artigo 15.1 do Regulamento de contratos das administracións públicas.

4. Acreditarase a solvencia financeira, económica e técnica exixida polos medios precisados no cadro de características.

No caso de que o licitador estea dado de alta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, deberá indicar na parte exterior do sobre o seu número e incluír copia da inscrición da empresa no dito rexistro, os xustificantes acreditativos das fianzas provisionais e a solvencia técnica e económica, así como unha declaración responsable en que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

Ademais desta documentación, deberá xuntar a que proceda en cada caso, segundo o especificado no prego de cláusulas administrativas particulares.

O sobre B recollerá a proposición económica e presentarase no modelo normalizado que se encontra á disposición dos interesados no Servizo de Montes de Pontevedra. Cada un dos lotes deberá figurar nun sobre B individual.

O adxudicatario constituirá a fianza definitiva do 5 % do prezo de licitación, agás nos expedientes en que o aproveitamento se realice a resultas ou cando o motivo sexa rareo. Nestes últimos casos engadirase o 5 % de fianza complementaria, co que se acadará unha garantía definitiva dun 10 %.

O adxudicatario constituirá a fianza definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes ao da data en que regulamentariamente se lle comunique a proposta de adxudicación.

Dentro dese mesmo prazo deberá pagar:

1. O importe total do remate, ou o importe do primeiro prazo, segundo se indique no prego de condicións particulares de cada lote.
2. O importe das taxas.
3. Os gastos proporcionais deste anuncio.
4. Os demais que se establezan nos pregos particulares do aproveitamento.



O adxudicatario deberá pagar, ademais das cantidades expresadas no anuncio, a porcentaxe que corresponda, segundo o réxime especial ou xeral que aplique a propiedade do monte, en concepto de IVE.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2016

M<sup>a</sup> Carmen Bouso Montero  
Secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural

CVE-DOG: merhc01-awf5-9qb0-zly7-r7ubgylnkr7

